

Se a min me define,

O lugar onde vivo

E onde me criache ti

Entón son verde,

E teño montañas,

E nacen de min

Regos de auga clara

Do meu peito crecen

Muíños que moven

A morriña,

Se non estou aquí

Dos pés me nacen

Flores e árbores,

E dos ollos caen froitas

Convertidas en bágoas.

Corren camiños por min

Que levan o tempo que vivín

Agóchano na miña pel

E dos recordos fan só mel

E se eu son pezas rotas,
Que xuntan e compoñen
A xente que me rodea,
Entón son amor e forza
E dor e recuperación,
Son culpa e son verdade,
Sentimentos dunha eternidade

E se eu fora poeta
E fixera realidade os versos
E creara estrofas de vendas
Que curaran feridas

Escribiría esta poesía intocable,
Da que dá alento ao home,
E da que en cada fotografía,
Garda un pedazo de mí:

Correndo por prados,
Danzando bolboretas
Facendo ramos de flores pequenas
Mentres levo na man un futuro

Un futuro aquí, cerquiña de Lugo,
Preto da miña raíz,
Aínda que teña que coller o coche
Para ir visitar aquí e alí

Si, serei eu,
Quen terá follas caducas,
E mil fotografías,
Das miñas engurras
Das que levan escritas regos
Onde sementeí a esperanza
Sempre que o mundo me deixou

Serei eu,
Quen mira a vida pasar,
Sentadiña nunha pedra
Mentres ve o mundo medrar

Pechando os ollos,
Imaxinando que,
Así como nacín aquí,
Tamén morrerei.
E índome da vida,

Mentres corre o tempo diante de min

Escribirei o último verso:

Se eu fun de aquí,

Xa tiven máis sorte, ca ti.